

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20.**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 18 DE DECEMBRO DE 2015**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### NON ASISTEN:

Rodríguez Escudero, Cayetano (concellerío do grupo Socialista)  
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo do Partido Popular.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezoito de decembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Silva Rego, actuando

como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores e señoras concelleiros, iniciamos Pleno do Concello número 20, sesión extraordinaria e urxente con dous puntos únicos da orde do día, constátase quorum, ábrese sesión pública e iníciase o Pleno, van ser quendas de propostas de goberno na forma habitual, polo tanto serán intervencións de cinco minutos dos grupos, rematando con tres minutos por parte do goberno.

Iniciamos o Pleno, dime o Secretario que cumpre a ratificación da urxencia a efectos formais, polo tanto votamos a ratificación da urxencia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Presidente quería pedir a palabra antes de votar a urxencia.

PRESIDENCIA: Que é unha cuestión de orde.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Si unha cuestión de orde antes de votar a urxencia, quería dicir que temos que manifestar o noso desacordo absoluto coas formas de convocatoria deste Pleno, enterámonos pola prensa, antes convocouse á 1,30 e temos solo cinco minutos de intervención, e unha falla de respecto.

PRESIDENCIA: Non é unha cuestión de orde, é unha protesta política que vostede pode facer na súa intervención, polo tanto nos seus minutos vostede utilice o seu tempo para facer o debate político que queira, nos xa sabíamos que vostedes ían estar a contra como sempre estiveron.

## **1(252).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a urxencia da sesión.

**2(253).- ACORDO SOBRE ELABORACIÓN DUN NOVO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 15313/411 (REXISTRO PLENO 1294/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 15 de decembro de 2015, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe proposta,

“I. Mediante Orde da conselleira da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (orde publicada no DOG nº. 106, de 03.06.2008 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 151-suplemento, de 06.08.2008;) aprobouse definitivamente, de forma parcial, o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo de 2008 e mediante Orde do conselleiro da CMATI de 13 de xullo de 2009 (orde publicada no DOG nº. 144, de 24.07.2009 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº. 175, de 10.09.2009) aprobouse o documento de cumprimentación das deficiencias observadas pola Orde do 16 de maio de 2008. Este PXOM substituíu ao Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993 de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia”

II. En data 10.11.2015, o Tribunal Supremo dictou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014 cuxo faio literalmente di: “1. Que debemos declarar y declaramos haber lugar al recurso de casación interpuesto en representación de la ASOCIACIÓN ALTERNATIVA VECINAL DE VIGO contra la sentencia de la Sección Segunda de la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, de 20 de febrero de 2014 -recurso contencioso administrativo 4530/2008- que ahora queda anulada y sin efecto. 2. Que debemos estimar y estimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto en representación de la citada Asociación contra la Orden de la Consejería de Política Territorial, Obras Públicas y Transporte de la Junta de Galicia, de fecha 16 de mayo de 2008, por la que se aprueba definitiva y parcialmente el Plan General de Ordenación Urbana de Vigo y contra la Orden de la Consejería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de fecha 13 de julio de 2009, por la que se aprueba definitivamente el documento de cumplimiento de la citada Orden en cuanto a las cuestiones que en la misma quedaron en suspenso, y en consecuencia debemos declarar y declaramos la nulidad de las referidas Órdenes aprobatorias del Plan General de Ordenación Urbana de Vigo. 3. No hacemos imposición de costas en el proceso de instancia, debiendo correr cada parte con las suyas en el recurso de casación”.

A motivación da sentenza basease fundamentalmente: “La Administración autonómica ambiental ha empleado en este caso, a fin de justificar la inviabilidad de someter el Plan

*General de Ordenación Municipal de Vigo a evaluación ambiental, idéntica argumentación a la que unos meses después, el 20 de octubre de 2008, utilizó para justificar la inviabilidad de someter el Plan General de otro municipio, concretamente Teo, a dicha evaluación ambiental, justificación que esta Sala del Tribunal Supremo, en su referida sentencia de fecha 23 de diciembre de 2014 (recurso de casación 3158/2012), declaró insuficiente e injustificada, doctrina que ahora reiteramos por las razones que acabamos de expresar, determinantes todas ellas de la estimación del motivo de casación invocado, al haberse vulnerado lo establecido por la Ley 9/2006, de 28 de abril, y por la Directiva comunitaria 2001/42/CE, de 27 de junio.”*

O efectos xurídicos desta sentenza proxéctanse nas posteriores sentenzas ditadas con posterioridade sobre PXOM-08.

III. Ante esta situación, cabe sinalar que xa no ano 2000, cando o Pleno do Concello de Vigo decidiu iniciar a redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, xa poñíase de manifesto como *“Transcurridos máis de sete anos desde a aprobación definitiva do PXOU-93 impónse, abordar unha revisión total do planeamento xeral de Vigo; é dicir, a elaboración dun Plan Xeral de Ordenación Municipal totalmente novo que sexa quen de incorporar os instrumentos e técnicas previstas na normativa urbanística actualmente vixente (áreas de reparto, aproveitamentos tipo, nova clasificación do solo...), a fin de asegurar que a actividade urbanística municipal se desenvolva de xeito harmónico nun novo marco metropolitano de referencia e coherentemente coas formulacións posibles de planificación e estratexia territorial, atendendo a criterios de racionalidade e procurando sempre regulamentar a utilización do solo dacordo co interese xeral”*.

IV. Hoxe, a necesidade dun novo marco urbanístico que supere as limitacións do PXOU do 93 e se adapte á lexislación vixente, aos cambios acontecidos na cidade ao longo dos derradeiros 22 anos e resposte ás necesidades do Vigo de 2015 e das vindeiras décadas, resulta imprescindible e urxente.

V. Deste xeito, o principal obxectivo que debe orientar a redacción dun novo PXOM de Vigo é superar a situación xerada pola declaración xudicial de nulidade do referido PXOM do 2008, proporcionando seguridade, calidade de vida, dotacións, sostibilidade e fiabilidade aos veciños e veciñas de Vigo, aos cidadáns da área metropolitana de Vigo e ás diferentes iniciativas públicas e privadas que van a desenvolverse na cidade.

É preciso que a cidade se dote do instrumento urbanístico que marcará o seu crecemento, o modelo territorial deseñado para o artellamento das políticas públicas que inciden claramente nos deberes e dereitos da cidadanía e a consecución dos obxectivos de calidade ambiental precisos.

VI. Neste senso, o Concello de Vigo debe iniciar o proceso de redacción dun novo PXOM como instrumento público co que promover a convivencia harmónica e inclusiva, mellorar a calidade de vida da cidadanía, garantir o seu dereito a unha vivenda digna, potenciar o desenvolvemento socioeconómico da cidade e a súa área metropolitana, garantir o correcto funcionamento das infraestruturas e solventar as súas eivas, con criterios de sostibilidade ambiental e de preservación e posta en valor do noso patrimonio natural e cultural.

VII. Ademais, no proceso de tramitación que se inicie deberá considerarse singularmente o

papel da cidadanía, tanto no referente á realización de aportacións individuais ou colectivas na toma de decisións, como no referente ao libre acceso á información urbanística en aras da maior transparencia e lexitimidade do proceso de transformación da cidade. Desta forma, enténdese que a consecución dun proceso participativo e de resultados consensuados integra neste procedemento o coñecemento da experiencia social dende un plantexamento cívico, proporciona seguridade xurídica, garante os dereitos de todos os veciños e veciñas de Vigo e reforza a calidade democrática das nosas sociedades.

VIII. É preciso, así mesmo, un documento de ordenación adaptado aos investimentos realizados nos últimos anos e ás previsións futuras, tanto en materia ferroviaria, de estradas, portos, telecomunicacións, enerxía ou aeroportos, para mellorar a funcionalidade do concello de Vigo e a súa interconexión coa Área Metropolitana, con Galicia, España, a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, Europa e o resto do mundo.

IX. Un PXOM que sitúe Vigo como espazo central da Área Metropolitana na prestación de servizos sanitarios, xudiciais, educativos, comerciais e terciarios, industriais e empresariais. Un documento de ordenación urbanística que favoreza a mobilidade sostible e as actividades de ocio, lecer e turismo de calidade.

X. Un documento que faga unha actualización, revisión e adaptación os cambios normativos producidos na lexislación estatal e autonómica, en particular a lexislación do solo e medio ambiental.

Polo exposto, formúlase ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo, previo ditame do Consello da Xerencia de Urbanismo,:

Primeiro: Proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de *"Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia"* conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Segundo: Encomendar á Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do procedemento de aprobación do novo PXOM e a realización dos traballos necesarios para a elaboración do novo documento, sen prexuízo da contratación daqueles traballos ou asistencias que, de ser o caso, resultasen precisas a tal efecto.

Terceiro: Dar conta desta proposta de acordo a Xunta de Goberno Local."

En data de 16 de decembro de 2015, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o correspondente informe xurídico.

"Asunto: Proposta de acordo para a formulación dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Expediente 15313/411

Legislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

LOUGA. Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

LRXPAC. Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Antecedentes: No expediente consta proposta da Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 16512.2015 na que se insta o Pleno acordo de formular para a Cidade de Vigo un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

## INFORME

I. Sen prexuízo das atribucións específicas que en materia urbanística a LBRL recoñece á Xunta de Goberno Local concretadas no artigo 127.1.d. -aprobación dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento, dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización-, o epígrafe c) do mesmo precepto sinala que corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística cuxa aprobación definitiva ou provisional corresponda o Pleno.

O acordo de formulación dun Plan Xeral non é un proxecto de ordenación urbanística. Os proxectos de planeamento xeral son documentos técnicos realizados por equipos multidisciplinares, artigo 84.2 LOUGA.

O acordo de formulación dun Plan Xeral é un acto administrativo, que motivadamente debe expresar a vontade da Administración Municipal de iniciar de oficio un procedemento para a redacción dun Plan Xeral de Ordenación que proporcione unha resposta axeitada ás necesidades urbanísticas, necesidades que na Cidade de Vigo se atopan carentes de solución como consecuencia do recente pronunciamento xudicial de anular, por motivos formais, o PXOM 2008, un instrumento que concibía, imaxinaba e proxectaba una idea de Cidade e que satisfacía ás esixencias mais inmediatas no que é o desenvolvemento urbanístico.

A LOUGA, artigo 84.5. menciona o requisito dun “acordo de formulación” aínda que non concreta cal é o órgano municipal competente para tal iniciativa; desde esta perspectiva tal atribución lle corresponde o alcalde ao ostentar este órgano o exercicio das funcións que a lexislación estatal ou autonómica asigne o municipio e non se atribúan a outros órganos municipais, competencia residual, artigo 124.3. ñ) LBRL; non obstante, non é menos certo que a LOUGA no artigo 85.2 indica que, “O concello que formulou o Plan Xeral -o concello que adoptou o acordo da súa formulación- procederá a súa aprobación inicial ...”, aprobación que sí corresponde o Pleno, artigo 123.1.i) LBRL.

O termo "concello" é heteroxéneo, as normas xurídicas unhas veces o empregan en asimilación o termo "municipio" -entidade local de carácter territorial- e outras como poder de decisión, neste suposto a LBRL, artigo 19.1, advirte que os "concellos" se integran polo Alcalde e os Concelleiros; pois ben, o órgano municipal que integra ao alcalde e os concelleiros é o Pleno polo que a seguridade xurídica recomenda que sexa este órgano o que adopte a decisión de formular, de iniciar un procedemento para a redacción dun novo Plan Xeral; en calquera caso tampouco podemos esquecer que a iniciación de oficio dun procedemento administrativo cando é por propia iniciativa, artigo 69.1 LRPAC, corresponde, segundo reiterada xurisprudencia, a quen ostenta a competencia para a súa instrución e/ou resolución.

II. A lexislación autonómica non esixe o acordo de formulación ningún contido específico, é mais, no artigo 84.4. segundo parágrafo, defire a descrición do alcance, contido e obxectivos da planificación o anteproxecto ou documento de inicio, polo que o acordo de formulación debe limitarse a declarar motivadamente tal intención de inicio que poderá aproveitarse para solicitar da Administración Autonómica -no suposto que se estime preciso- canta documentación se considere necesaria ou de interese para a redacción do instrumento de ordenación, artigo 84.3 LOUGA; así mesmo instará dos servizos técnicos municipais a redacción dun "documento de inicio" que sirva de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do Plan co contido especificado no artigo 84.4. parágrafo segundo.

A proposta de acordo de formulación atópase motivada polo que procede a súa consideración. Deberá ser ditaminada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo na súa consideración de Comisión Informativa do Pleno, artigo 123.1 ROFCL.

O acordo de formulación remitirase á Administración Autonómica en unión co documento de inicio, artigo 85.4 da LOUGA, sen prexuízo da súa remisión inmediata para o seu debido coñecemento e publicidade."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión extraordinaria e urxente do 17.12.2015, ditamina favorablemente dita proposta, na súa condición de Comisión Informativa.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 17.12.2015, queda informada da proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Bos días a todos e a todas. O 30 de novembro pola tarde, recibimos con sorpresa no Concello de Vigo pero tamén toda a sociedade, tódolos profesionais e tamén a Xunta de Galicia, a sentenza do Tribunal Supremo que declara nulo de pleno dereito o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, logo de 113 sentenzas favorables do Plan Xeral de Ordenación Municipal do 2008, logo de que por este mesmo motivo a inviabilidade de aplicación, de sometemento á avaliación estratéxica ambiental, tanto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Tribunal Supremo xa ditaminaran a inadmisión ou desestimación do recursos presentados, incluso como digo por este motivo, pois recibimos a mala noticia de que o Tribunal Supremo fai nulo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, como dicía por un tema que ten que ver cun informe metido pola consellería de Medio Ambiente, un informe que se emitiu no ano 2008 e decretaba a inviabilidade de aplicación da avaliación estratéxica ambiental ao Plan Xeral de Ordenación Municipal co Concello de Vigo, como dicía dentro la legalidade que existía na aplicación da Lei de avaliación estratéxica ambiental, existía un trámite que contemplaba na Disposición Transitoria Primeira, apartado dous, a posibilidade de que os plans puideran ser, se foran iniciados antes da aprobación da Directiva Europea e tamén antes non estaban aínda aprobados á entrada en vigor desa Lei do ano 2006, podía-se decretar a inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental, analizando e avaliando caso a caso. Esta sentenza polo tanto non cuestiona a acción do goberno municipal de Vigo, en todo caso cuestiona a motivación ou falla de motivación ou insuficiente motivación desa declaración ou resolución de inviabilidade de sometemento á avaliación estratéxica ambiental. Inviabilidade que solicita a entón alcaldesa de Vigo, o 2.10.2016, por atoparse dentro das excepcións de cumprimento da Lei, inviabilidade que a instancias da Xunta de Galicia solicita a alcaldesa de Vigo, excepción que provoca a necesidade de aportar nova documentación ó Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e que ademais fai que sexa preciso incorporar documentación adicional nese Plan e que tódolos instrumentos de desenvolvemento que se aproben a partir dese instrumento xeral de planificación teñan que ser sometidos todos eles á avaliación estratéxica ambiental, a consellería de Medio Ambiente presenta esa resolución o día 28 de maio do ano 2008 e corenta e oito días máis tarde a consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte que naquel momento estaba eu,

aproba o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo cunha aprobación definitiva parcial do 99% do Plan e un ano máis tarde a actual Xunta de Galicia xa aproba o 1% restante, sen poñer ningunha salvidade sobre o proceso da avaliación estratéxica ambiental. Polo tanto, como dicía a sentenza non pon en cuestión a actuación municipal máis ben cuestiona, como dicía, a motivación dun informe presentado pola Xunta, supón iso si, un grave problema para o desenvolvemento deste Concello e de moitos procesos que se están desenvolvendo nel, pero obviamente este Concello o que quere é encarar o futuro e quere encarar ese futuro con total garantía, para iso o primeiro que vai facer, o primeiro que xa fixo foi avaliar as condicións no que queda o planeamento de Vigo, como saben vostedes non hai ningunha ausencia de legalidade, neste momento está vixente o Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 93, o Plan do Casco Vello, o Plan de Bouzas, o PEC e as APIS e iso, si supón un axuste que é imprescindible abordar, ademais abordado de forma sensata, para elo reunímonos con tódolos colectivos da sociedade de Vigo e o primeiro que debo destacar é a total predisposición deses colectivos a acadar unha solución, tamén nos reunimos coa Xunta de Galicia e neste caso a Xunta de Galicia ten unha primeira visión positiva intentando proporcionar a Vigo os instrumentos de desenvolvemento que por riba do Planeamento municipal podamos abordar, inda que como digo ao longo dos días parece que este interese da Xunta de Galicia en resolver algún dos problemas urxentes que ten a cidade veu decaendo, aínda así o Concello de Vigo entende que hai uns proxectos estratéxicos para a cidade que deben ser desenvolvidos por un instrumento supramunicipal, tales proxectos son por exemplo a actuación no Polígono de Balaídos, unha actuación estratéxica fundamental para esta cidade, actuación estratéxica que o propio Concello de Vigo lle propón á Xunta de Galicia que sexa abordado a través dun proxecto industrial estratéxico que acurtaría de forma substancial toda a tramitación dese proceso, ademais lle pedimos que contemple como de incidencia supramunicipal o Parque Tecnolóxico de Valadares porque está dentro do Plan sectorial de áreas empresariais da Xunta de Galicia e tamén a Cidade da Xustiza ou a estación intermodal de ferrocarril e autobuses que ten que desenvolverse de xeito conxunto, pero máis aló desas actuacións que entendemos que deben ser desenvolvidas por actuación supramunicipal porque corresponden ás competencias da Xunta de Galicia, tamén entendemos que temos

que dar unha solución de futuro, esa solución de futuro que comezamos hoxe coa elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que se adapte á lexislación vixente e que permita que os cidadáns de Vigo teñan tódalas garantías de poder desenvolver os seus proxectos persoais e os seus proxectos empresariais nesta cidade, un Plan Xeral de Ordenación Municipal que entendemos que non vai discutir o modelo de cidade, o modelo de cidade foi definido xa no ano 2008 pero que si corraxirá, modificará, adaptará as distintas cuestións que podan presentarse para que teñamos un documento seguro, un documento que temos que ter necesariamente de forma áxil, por iso hoxe iniciamos de forma urxente esta tramitación, porque entendemos que non podemos perder nin un minuto porque os cidadáns de Vigo precisan ter tódalas garantías e porque este Alcalde e este Concello estamos comprometidos por facer viable esa realidade o antes posible, por iso ademais lle pedimos ao resto dos grupos que apoiem esta iniciativa. Moitas gracias.

PRESIDENCIA: Quenda de Marea de Vigo, cinco minutos sen tempo taxativo, contemplados con razoabilidade.

SR. PÉREZ CORREA: Está ben a razoabilidade neste Concello.

PRESIDENCIA: Nos a tivemos sempre outros non tanto.

SR. PÉREZ CORREA: Seguro, sobre todo nas declaracións públicas cara a este grupo municipal.

Nos non esperabamos que en período electoral houbera tranquilidade para falar do urbanismo, do modelo de cidade, do plan xeral que precisa Vigo no 2015, que non é o ano 2008, precisamente por iso sorprendeunos esa predisposición inicial que polo menos para nos foi pura fantasía das dúas administracións por traballar colectivamente por solucionar esta situación singular e esta situación perigosa para o futuro económico e para a planificación urbana desta cidade, pero creo que o avance da campaña electoral deixou claro que isto non o imos resolver polo menos antes da data deste domingo, polo tanto si que nos ratificamos en que nos gustaría

haber sido convocados con certa normalidade a este Pleno, pero en todo caso si que houbo unha Xerencia de Urbanismo onde se aprobou un documento que nos votamos afirmativamente porque ó final este delirante tránsito de días dende que se coñeceu a anulación do Plan Xeral ao final estamos onde a Marea de Vigo dixo que había que estar xa dende o principio que é a nova redacción dun plan xeral, e a redacción dun novo plan xeral non é un corta e pega, eu vou facer un prego de descargos dos grupos municipais presentes nesta Corporación, dun plan xeral que ningún dos tres grupos que estamos aquí planificamos no seu inicio, en todo caso a responsabilidade de quen á altura de principios da década pasada decidiu poñer enriba da mesa un modelo de cidade expansivo, un modelo de cidade de inundación inmobiliaria que dicía o arquitecto Le Corbusier non está xa presente nesta Corporación, polo tanto é unha oportunidade para que os grupos que eu creo que nas declaracións que fun escoitando ao longo destes anos había certa coincidencia en diferentes etapas políticas, entre o Partido Popular o Partido Socialista e agora na Marea, en que o Plan que se lanzou a partir do ano 2000 non era dende logo o plan que ningún destes tres grupos nos gustaría, polo tanto temos unha oportunidade histórica para empezar de cero e emendar determinadas cousas, porque nos si que discrepamos, estamos de acordo coa nova redacción do Plan Xeral, non é nada que non oculten as hemerotecas que nos pedimos durante a campaña electoral porque entendíamos, antes incluso da paralización deste Plan, entendíamos que os condicionantes que motivaron a redacción do Plan Xeral a partir do ano 2000 e a concreción entre o ano 2007 e 2008 xa non se daban na economía, na socioloxía, no sector inmobiliario e na propia planificación económica dunha cidade e por iso dicimos que se imos redactar un novo plan xeral, cousa que estamos radicalmente a favor, teremos que comezar por unha cuestión que si que nos consideramos que hai que replantexar o modelo de cidade, e por que o dicimos? Porque coincidimos coa posición do partido Socialista naquela altura, co concelleiro Sr. Mauricio Ruíz, nunha intervención moi boa que está recollida nun documento de cincuenta páxinas, unha alegación á aprobación inicial do Plan Xeral, no se que dicía que o informe económico, que o plantexamento de cidade que o crecemento que necesitaba esta cidade, que as prioridades que necesitabamos para planificar non eran dende logo a expansión urbanística, non eran dende logo a desaparición do 80% dos solos produtivos agrícolas de Vigo, non era a desaparición

do 20% da superficie arborada, case dous millóns de árbores, non era a desaparición do 15% da biodiversidade, non era unha cidade que no avance se planificaba para 325.000 habitantes, pero que na aprobación inicial xa se falaba de 400.000 habitantes no horizonte de 25 anos, hoxe amencemos con esta nova, o Padrón da cidade cae en 900 veciños nun ano e situase en niveis do ano 2007, hai que replantexar o modelo de cidade, porque o inicio, o espírito e o cerebro deste Plan Xeral falaba de 400.000 habitantes, falaba dunha necesidade de 100.000 vivendas nos primeiros 25 anos, levábamnos 6 ou 7 anos do Plan Xeral actual e falaba de que necesitábamnos 40.000 vivendas nos primeiros dez anos, todas esas previsións iniciais, que efectivamente houbo modificacións posteriores que se falou do 40% de vivenda con algún tipo de protección, pero a orixe do Plan Xeral presenta un modelo de cidade absolutamente desfasado, non se falaba dunha cidade obviamente para unha construción do sector inmobiliario, para unha desaparición dun modelo de desenvolvemento económico que está superado non so pola crise senón tamén porque a xente comezou a pensar que non todo ten que ser urbanizable e non todo rústico que ten que pasar como urbano que veremos que condicionantes nos supón a determinados impostos esa cuestión que para nos non é absolutamente meridiana e polo tanto estamos dispostos a que se comece coa información e diagnóstico que ten que ser a primeira fase, a elaboración dun diagnóstico socioeconómico territorial do Concello, a elaboración dunha memoria informativa, económica que falemos de que modelo de cidade, se queremos rehabilitar os cascos históricos, se queremos priorizar determinadas actuacións que teñen que ver co ordenamento industrial, ou se o que queremos e poñernos outra vez en paranoias como Liñeiriños ou queremos pensar que Vigo pode ser atravesada por unha rolda urbana, polo tanto comececos con eses traballos, coincidiremos seguramente na Xerencia de Urbanismo que empecemos a traballar sobre esas cuestións que para nos non son secundarias e se que haberá cousas do ano 2008, cousas que teñen que ver coa cartografía, cousas que teñen que ver con determinadas fichas urbanísticas que se poden incorporar sen dúbida ó planeamento actual, pero o modelo de cidade hai que emendalo e hai que emendalo nunha área metropolitana onde se sumamos a edificabilidade de tódolos plans xerais que se foron aprobando nestes anos, saen mais vivendas case que habitantes, e que polo tanto teremos que emendar, non so Vigo senón toda a área

metropolitana porque teremos que harmonizar o urbanismo nunha área metropolitana onde non imos ter que competir en haber quen é a cidade dormitorio de Vigo e polo tanto eu creo e o noso grupo ímolo poñer así, que hai que comezar a cuestionar o modelo de cidade que estaba contido no ano 2008 e que dende logo non é responsabilidade e o dicimos, a responsabilidade en todo caso será compartida pero que foi este Concello en diferentes etapas, no Partido Popular e o Partido Socialista o que solicitou á Xunta saltarse este criterio de avaliación ambiental estratéxica e por que? Porque nos temos clarísimo que non pasa esta avaliación ambiental estratéxica un proxecto con estes condicionantes e estes indicadores que puxemos enriba da mesa, hoxe en día sería absolutamente contrario ás directivas europeas, ás directivas estatais sobre medio ambiente, sobre sostibilidade, poñer un plan xeral que di que Vigo necesita 123.000 vivendas e poñer riba da mesa un plan xeral que converte en urbanizable practicamente todo o solo da nosa cidade, polo tanto traballemos nesa cuestión e se dende logo é ese o espírito de construír un plan xeral dende cero e emendar o modelo de cidade, a Marea de Vigo estará apoiando ese novo modelo de entender o urbanismo e a planificación urbana.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sra. Caride, vaia papelón fixo vostede hoxe aquí, non me estraña que estivera vostede tan nerviosa na súa intervención porque ten vostede bastantes motivos, debe ser que a conciencia vaille máis rápido, foi unha gran decepción a súa intervención, sinceramente non atopo a palabra, defraudou pero non é que haxa defraudado a este grupo municipal, defraudou a tódolos vigueses e viguesas porque despois de que vostede leve un mes calada, practicamente un mes dende que coñeciamos a sentenza, non abriu vostede a boca, non fixo ningunha declaración, non deu ningunha explicación, esta é a primeira vez que intervén vostede neste Pleno, é a primeira vez que lle poder escoitar os vigueses e viguesas e en vez de pedir perdón á cidade está por riba buscando malas escusas, si Sra. Caride, señores do goberno municipal, xa sabemos que o Alcalde de Vigo non conxuga o verbo desculparse nin ten a palabra humildade dentro do seu dicionario, pero sinceramente esperábase que vostede si a tivera, e unha mágoa sinceramente, unha mágoa que non estea á altura neste momento porque ademais vostede non está lexitimada para levar adiante o novo

plan xeral desta cidade, non o está porque vostede foi utilizada polo Alcalde de Vigo, polo Sr. Caballero cunha decisión política, e agora falan vostedes de que a sentenza di que é que foi a motivación, non señores non foi a motivación da urxencia, foi o atraso a decisión política súa a ordes do Sr. Caballero, de atrasar a aprobación do Plan, iso foi o que nos trouxo aquí a día de hoxe e ademais é culpa da Xunta de Galicia, non o di este grupo municipal, o 99% da culpa é da Xunta de Galicia estano dicindo vostedes mesmos e vostede era a conselleira que aprobou o Plan, os seus propios compañeiros a están sinalando co dedo Sra. Caride e eu creo que o lóxico é que vostede colla e dimita e se vaia, esa decisión política porque a vostedes o único que lles importa é a política, non lles importa os vigueses e as viguesas, non lles importa a situación de inseguridade na que se atopan moitos cidadáns a dia de hoxe, iso non lles importa nin lles importa collerlles o teléfono cando chaman a Urbanismo e ninguén contesta, non lles importa o que fan e botar balóns fora, é culpar a todo o mundo menos asumir as súas propias responsabilidades, intentar reducir o problema a tres proxectos, o problema non son tres proxectos Sra. Caride, o problema é todo o plan é como está toda a cidade, pidan vostedes a supramunicipalidade, critiquen á Xunta, fagan o que queiran pero a realidade é que hai moitos máis proxectos e esas 1.700 vivendas de Navia pendentes de construír vaise poder facer si ou non? E o plan de ensanche vaise poder facer si ou non, e o Barrio do Cura e Porto Cabral, presente os informes xurídicos se están tan seguros, onde están, pedímolos e non nos los deron, iso é o que teñen que dicir, estamos no plan do 93, retrocedimos máis de vinte anos pola súa culpa e non temos nin un informe xurídico que analice esta situación porque o que fixo o Tribunal Supremo non é darlles un tirón de orellas, o que fixo o Tribunal Supremo é a maior moción de censura que se fixo nesta cidade, contra un goberno municipal, iso é o que fixo o Tribunal Supremo, así que isto deberíano tomar como unha cura de humildade e ter respecto, respecto por tódolos cidadáns, respecto polos grupos da oposición, ese respecto que a dia de hoxe non están demostrando con este Pleno mal convocado e con pouco tempo para intervir de cada un dos grupos, a nos parécenos ben que haxa que facer un plan novo e imos apoiar a realización dun plan novo e canto antes porque estamos preocupados polos intereses da cidade pero este é un tema de cidade, é un tema de todos e pedímoslle rigor porque a súa falla de rigor é o que nos trouxo ata aquí, non valen

atallos se non hai seguridade xurídica, e non haberá seguridade xurídica sen informes técnicos e xurídicos que o avalen, porque sería trágico que volveran vostedes a frivolar por motivos políticos cun procedemento administrativo e outra vez vaíamos estar onde estamos a día de hoxe, este plan novo é necesario e é necesario tamén adaptar ese plan do 2008 ás novas circunstancias que ten a cidade porque non estamos na mesma situación que no ano 2008, en absoluto, estamos nunha situación distinta, e aproveiten para corrixir os erros que cometeron con esas últimas modificacións de última hora que fixo este goberno municipal no plan xeral, aproveiten para corrixir eses erros porque sería patético para a cidade que se volveran a equivocar por segunda vez, porque son os vigueses os que pagan as súas equivocacións, os que pagan cos seus cartos, co seu emprego e co desenvolvemento da cidade as súas equivocacións, porque logo cando falan os tribunais vostedes parece que non vai con vostedes, igual que onte tivemos que ver coa sentenza do tas-lease, agora resulta que non é cuestión que o goberno municipal e que o Alcalde de Vigo non estivo apoiando o seu amigo Sr. Almunia, non, reprobouno aquí porque pediuno o Partido Popular, unha vergoña, os tribunais de xustiza estanlles poñendo no seu sitio, necesitamos un plan xeral con carácter de urxencia, léanse as actas, léase a actas Sr. Alcalde, pedímoslle neste plan xeral que contén con todos, pedímoslle neste novo plan xeral que sexan dilixentes por unha vez, pedímoslle que sexan humildes para aceptar outras opinións e que contén con todos por unha vez, pedímoslle que sexan rigorosos por unha vez, pedímoslle que pensen no mellor da cidade e non no mellor para vostedes mesmos por unha vez, aí terán ao Partido Popular colaborando con vostedes, realmente llo digo, colaboraremos con vostedes para quitar adiante ese plan xeral, contén con todos, contén coa cidade porque Vigo meréceo e nos estaremos ao lado da cidade sen dúbida. Moitas gracias.

SR. LÓPEZ FONT: Bos días, a Marea contestarlle moi brevemente, eu creo sinceramente que neste tema están pero sen ter nin idea do que practicamente están propoñendo, tamén quero lembrarlle que os pais do plan son os seus amigos independentistas e que no ano 2008 o que fixo este goberno foi romper co plan da especulación do Partido Popular.

Sra. Muñoz, hai que ler a sentenza, xa llo dixen o outro día, ese non lemos a

sentenza dificilmente podemos falar e hai que interpretala claramente e hai algo que os vigueses teñen que saber e vostede non pode falar de rigor porque se a sentenza sinala á administración da Xunta cun informe non suficientemente motivado, vostede non pode vir aquí a facer un discurso electoral, e verdade que se acaba a campaña electoral hoxe e é verdade que lle encargaron determinado papelón a vostede, pero isto non é campaña electoral Sra. Muñoz, isto é o rigor que pide vostede é o rigor que ten este goberno, confúndense datas, confúndense absolutamente en todo, a sentenza é do día 30 de novembro e este goberno é capaz de traer aquí unha proposta para iniciar un novo plan, iso é o certamente importante e é á Xunta a quen lle corresponde literalmente solucionar este tema, eu comprendo que a vostede lle molesta moito toda a referencia á Xunta, pero é certo que hai que actuar con rigor, á Xunta correspóndelle estritamente a actuación en relación con isto e é certo que nun primeiro momento tiveron unha actitude que parecía positiva pero durou moi pouco e niso ten toda a responsabilidade o Partido Popular de Vigo, polo tanto é responsabilidade de vostedes, falar de papelón vostede que pasou de 13 concelleiros a 7, pois sinceramente vostede é a que fixo o maior papelón nesta cidade, e é de moi mal gusto Sra. Muñoz o ton de vendeta que está vostede utilizando neste debate, porque precisamente o que fixo a concelleira de Urbanismo durante estes só dezasete días é traballar, iso que vostede cando quere adoptar esa posición voluntariosa e demais, fala de traballar, e sabe a diferenza entre nos e vostedes, que durante estes dezasete días traballamos para solucionar esta cuestión que como sempre vaina solucionar o goberno e sabe vostede no que inverteu os dezasete días vostede, en no que lle dixen nun debate de televisión, en dar renda solta á satisfacción que vostede tivo cando segundo vostede isto era unha moción de censura, non Sra. Muñoz, isto non é ningunha moción de censura isto din e parece mentira que vostede non o saiba, a sentenza di que o Concello de Vigo actuou correctamente, que é a Xunta quen ten que resolvelo, polo tanto, Sra. Muñoz, neste momento xa sabemos quen está á contra de solucionar esta cuestión e é vostede e o Partido Popular, é vostede, porque mire o seu grao de responsabilidade Sra. Muñoz, que non sei se por non madrugar vostede nin asistiu a unha Xerencia tan importante como a de onte onde arrancaba a solución deste problema, comprobei nestes plenos que cando non sabe que contestar e ponse nerviosa, sorrí, pero non serve de nada, a verdade que teñen que

saber os vigueses é que vostede non está lexitimada nin para pedirnos rigor porque vostede é a antítese do rigor, porque vostede parece mentira que estivera nun goberno da Xunta de Galicia descoñecendo o que descoñece e aínda se permite a licenza, mesturando e por iso ven vostede en campaña electoral, de falar do tas-lease, pero se o tas-lease solucionouno este goberno, gracias que me aplaude Sra. Muñoz, porque por fin recoñece as verdades, o tas-lease solucionouno este goberno, o Alcalde de Vigo, reuníndose cos sindicatos, fomos nos e eu quero rematar co tema que nos trae aquí, téñolle que pedir a vostede dado que fala tanto dos vigueses e de solucionar os problemas, que estea certamente a favor dos cidadáns de Vigo, e vostede leva dezasete días nefastos, vostede que tivo o maior fracaso electoral do Partido Popular nesta cidade, fíxese a paradoxa da política e da vida, podía haber tido a oportunidade estes dezasete días de ante os vigueses mostrarse como unha persoa en defensa dos intereses da cidade e fixo vostede o contrario e vólvollo a repetir, díxenllo nun debate e dóeme moito e dígollo claramente aquí que é onde hai que dicir, o peor de todo é que vostede alégrase desta sentenza, iso é o peor, vostedes non mereceron a confianza dos vigueses durante oito anos e non a merecen agora e vostede e o seu grupo están traballando en contra da cidade.

SRA. CARIDE ESTEVEZ: Bueno eu querría recuperar ese espírito de colaboración que din que van ter durante a elaboración do plan xeral, pero en calquera caso puntualizar algunha cousa, eu creo que esta ben xa de enredar co tema do Imposto de Bens Inmóveis, as declaracións catastrais vixentes a día de hoxe para a declaración do Imposto de Bens Inmóveis é o Plan Xeral de Ordenación Urbana do ano 93, polo tanto ningunha dúbida como que ese imposto non se ve afectado.

Respecto á intervención da señora voceira do Partido Popular, eu creo que as cousas enténdense ben se se len, soamente fai falla ler a resolución que hoxe imos aprobar, non fai falla nin ler a sentenza, porque fai unha referencia á sentenza que di, a motivación da sentenza basease fundamentalmente en: "A administración autonómica ambiental empregou neste caso, a fin de xustificar a inviabilidade de someter o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo á avaliación ambiental, idéntica argumentación á que uns meses despois, o 20 de outubro de 2008, utilizou para xustificar a inviabilidade de someter o plan xeral doutro municipio,

concretamente Teo, a dita avaliación ambiental, xustificación que esta Sala do Tribunal Supremo na súa referida sentenza, de data 23 de decembro do 2014, declarou insuficiente e inxustificada, doutrina que agora reiteramos polas razóns que acabamos de expresar determinantes todas elas da estimación do motivo de casación invocado ó vulnerarse o establecido na Lei 9/2006”, polo tanto ningún cuestionamento á labor do goberno municipal, a Xunta de Galicia- consellería de Medio Ambiente que Sra. Muñoz, póñase vostede tranquila, sabe o Plan Xeral de Ordenación municipal de O Corgo, sabe cando decretou a Xunta de Galicia, esa na que vostede formaba parte, a inviabilidade da aplicación da avaliación estratéxica ambiental, o 3.03.2010, é dicir, dous anos despois a Xunta de Galicia continuaba decretando a inviabilidade, tamén no Concello de Lugo, no de Santiago e en tantos e tantos concellos que por iso a Xunta de Galicia está hoxe preocupada porque ten 49 plan xerais pendentes dunha resolución, dunha sentenza xudicial do Tribunal Supremo que pode poñela en cuestión. En calquera caso, a min o que me sorprende é a actitude do Partido Popular de Vigo, porque hei de recoñecer que a Xunta de Galicia, a reunión que mantivemos co Alcalde e coa conselleira de Medio Ambiente, ofreceunos toda a colaboración e esa colaboración durou ata que se reuniu con vostede, pero porque quere vostede facerlle dano a esta cidade, porque ten vostede este empezoñamento en facerlle dano aos vigueses e as viguesas, que lle fixeron, pídalle vostede desculpas aos cidadáns de Vigo, a actuación que ten que ver co sector industrial automobilístico desta cidade é absolutamente prioritaria e estratéxica, xa sabemos que para Mareas Citroën non é importante pero dende logo para este grupo municipal é absolutamente imprescindible, tan imprescindible que buscamos unha alternativa, a alternativa dun proxecto industrial estratéxico, Ila pasamos á Xunta de Galicia, un proxecto industrial estratéxico que se coloca por riba do planeamento municipal e incluso non ten nin que pedir licencia ao Concello, para que os proxectos de Citroën podan axilizarse e cando alguén quere enredar cos prazos non hai nada máis áxil que iso, por iso fíxose unha lei que en termos industriais coloca por riba dos planeamentos municipais a opción de facer iso, pero que máis, e que lle pedimos proxectos sectoriais, se non serve esa vía, proxectos sectoriais, para Balaídos e para o Parque Tecnolóxico de Valadares, porque saben vostedes que están falando da declaración de incidencias supramunicipal pero que si xa está, os proxectos sectoriais da área empresarial da comunidade autónoma de

Galicia contempla o Polígono de Balaídos e o Parque Tecnolóxico de Valadares, polo tanto de que están falando, porque queren negar o apoio a esta cidade, e a Cidade da Xustiza, pero entón que significa isto de Plan de infraestruturas xudiciais da Xunta de Galicia, é unha filfa, non estarán vostedes intentando ocultar que a Xunta de Galicia non quere investir en Vigo ou non ten cartos para investir nesta cidade, claro que si, pero que ten vostede contra esta cidade, ata a ministra de Fomento chega aquí pedindo un proxecto supramunicipal para facer a estación de ferrocarril e a estación de autobuses, e vostedes néganse, pero que lle fixo a vostedes esta cidade para queiran poñer sempre trabas. Eu creo que o Concello está comprometido con desenvolver e quitar adiante este Plan Xeral, a Xerencia de Urbanismo leva traballando sen descanso, dende o primeiro día xa pediu tódolos informes para adiantar traballo, so transcorreron 18 días e xa temos moito traballo iniciado e temos un compromiso claro, con toda esta cidade, cos sectores produtivos e os sectores sociais desta cidade para desenvolver este proxecto o antes posible, o único que lle pedimos é que non estorben e iso si, coidado cando afirmamos que hai que cambiar moitas cousas que se fixeron no ano 2007, que quere vostede de novo os pelotadas en vez da vivenda protexida, pois non, nos non imos defender ese modelo Sra. Muñoz.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de *"Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia"* conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Segundo: Encomendar á Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do procedemento de aprobación do novo PXOM e a realización dos traballos necesarios para a elaboración do

novo documento, sen prexuízo da contratación daqueles traballos ou asistencias que, de ser o caso, resultasen precisas a tal efecto.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.